



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

## ANEXO A PROGRAMACIÓN

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA  
CURSO: TODOS  
MATERIA: CONTRABAIXO  
DEPARTAMENTO: CORDA PULSADA  
DATA: 5/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Mínimos esixibles.**
2. **Procedementos de avaliación e cualificación.**
3. **Criterios de cualificación.**
4. **Instrumentos de avaliación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
6. **Información e publicidade.**

## **1 Mínimos esixibles:**

PARA TODO O ALUMNADO, aplicaranse os contemplados na programación ([http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación\\_Contrabaixo\\_19-20.pdf](http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación_Contrabaixo_19-20.pdf)) ata a segunda avaliación.

Os da terceira avaliación serán aplicados no seguinte curso no caso de os alumnos que non os superasen neste período.

## **2 Procedementos de avaliación e cualificación**

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas mediante a gravación de vídeos, video chamada... ou calquera outro medio telemático.

O alumnado ca segunda avaliación suspendida ou que non puido ser avaliado de maneira continua, realizará unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centros net. A cualificación final será a cualificación nesta proba. Esta proba realizarase telemáticamente e polo mesmo medio polo que mantivo o contacto co profesor na terceira avaliación.

## **3 Criterios de avaliación e cualificación**

Empregaranse os que constan na programación, aínda que non serán tidos en conta os criterios de avaliación nin de cualificación que supoñan actividades presenciais.

### Alumnado ca segunda avaliación aprobada:

- A nota da terceira avaliación e cualificación final será a media entre a nota da primeira e da segunda, sempre que o resultado non sexa inferior á nota da segunda avaliación. Neste caso manterase a nota da segunda avaliación.
- A cualificación final poderá aumentarse ata dous puntos en función das actividades desenvolvidas polo alumno na terceira avaliación.

### Alumnado ca segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua:

A cualificación final será o resultado da proba individual á que fai referencia o apartado 2.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA • CURSO:2019/2020 MATERIA: ARPA
---	---------------	--

#### **4 Instrumentos de avaliación**

Métodos telemáticos: videochamadas, gravacións de vídeos...

#### **5 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias (apdo. 6.2. das instrucións) para o alumno.

#### **6 Información e publicidade**

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.